



DEPORT/2019/000388

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **6 DE FEBREIRO DE 2010**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2020.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2020, que ascende á cantidade de 1.213.895,00 €.

Interven o Sr. presidente que dá unha breve explicación, das modificacións realizadas no orzamento, das aplicacións presupostarias incrementadas, como a partida de persoal co aumento do 2% dos salarios e a dotación da praza por acumulación de tarefas dunha auxiliar administrativa, categoría C₂ ata o mes de Maio, así como o cambio do capítulo IV, na partida de subvencións ao capítulo II, na partida de actividades dos 10.000,00 € que se tiñan consignados para a subvención nominativa pola organización do Campionato de Europa de Vela e/ou a pequena partida de inversións que aumenta 4.000,00 € destinada a compra de determinados bens e reparacións de certa envergadura nas instalacións municipais. Indicando que as grandes inversións a realizar nas instalacións deportivas están recollidas no anexo de inversións do orzamento municipal ou en plans de subvencións doutras administracións públicas.

A Sra. Interventora Xeral indica que o incremento total respecto ao ano 2019 é por importe de 3.000,00 €, realizando axustes en diversas partidas económicas, como a redución da aplicación presupostaria de enerxía eléctrica, de acordo ao informe do Sr. encargado do Departamento de Electricidade ou a aplicación presupostaria para o contrato de Servizos de limpeza das instalacións deportivas, en base as obrigas do exercicio 2019 e tomando en conta o importe adxudicado pola continuidade do servizo no ano 2020 ata a adxudicación dun novo



contrato. Así como con respecto aos capítulos de Ingresos, destacar as aportacións procedentes do Concello, manténdose € con respecto a do ano anterior as transferencias para gastos correntes (1.090.000,00 €) e o aumento de 4.000,00 € as transferencia para gastos de inversion (29.000,00 €€), de acordo ao capítulo de inversión, representando as transferencias do Concello o 92,19% do presuposto de ingresos da Fundación. Por último indica que cumpre toda a capacidade financeira e a regra de gasto.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de dez votos a favor das/os Sras./es.: Carou, Briones, Cardalda, Vilas, Peso, Santorum, Fernández, Alcalde, Torrado e Sr. Serén, ningún voto en contra e, dúas abstencións dos Sres.: Penas e Orduña. Polo que o Consello Reitor acorda aprobar o borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, para o ano 2020, que ascende á cantidade de 1.213.895,00 €. e, remiti-lo ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede.

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a sete de febreiro de dous mil vinte.